Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Seres míticos

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Os encantos da praia da Bailieira

Na praia da Bailieira, que está entre o Cabo de Morás e Cabria, en Morás, Xove (Lugo), hai un burato grande que é casa de encantos.

Unha vez estaba un destes encantos peiteándose cando se achegou un pescador; entón o encanto, coas presas, abandonou os peites de ouro e foise esconder. Pero o pescador viu os peites e levounos para a casa.

Desde aquel día aparecíalle o encanto todas as noites pola casa; sentía a súa voz; ver, non o vía. Petaba e dicíalle:

¡Dáme os peites, ho! ¡Dáme os peites, que son meus!

E así unha e outra noite, unha tras doutra, ata que dunha vez, tan pesado se lle puxo o encanto, colleu os peites e foinos pousar onde os atopara.

E acabouse; xa non lle volveron a petar na porta.

BIBLIOGRAFÍA

Fonte:

COLEXIO PÚBLICO DE XOVE, A fonte da vida longa, concello de Xove, 1989, p. 44.